



MOSTRA CONCURSO DE CURTAMETRAXES DOCUMENTAIS SOBRE DESLEXITIMACIÓN DA VIOLENCIA

BASES E CONDICIÓN DO CONCURSO

A FUNDACIÓN FERNANDO BUESA BLANCO FUNDAZIOA convoca a primeira Mostra Concurso de Curtametrexes Documentais sobre deslexitimación da violencia de carácter estatal.

1. OBXECTIVOS E TEMÁTICA

- Este Certame ten como obxectivo promover os valores e os Dereitos Humanos entre os máis novos e novas a través da creación audiovisual que difunda a exhibición e reflexión da deslexitimación da violencia colectiva. Segundo a Organización Mundial da Saúde, enténdese como violencia colectiva o uso instrumental da violencia por persoas que se identifican a si mesmas como membros dun grupo, coa fin de conseguir determinados obxectivos políticos, económicos e sociais. Esta definición engloba fenómenos coma o terrorismo, o exterminio racial ou ideolóxico, as redes mafiosas, as bandas xuvenís, entre outros.
- O xurado deste concurso valorará especialmente aqueles documentais cuxo guión destaque a deslexitimación da violencia terrorista en todas as súas expresións (kale borroka, extorsión, ameazas, secuestros e atentados).
- Do mesmo xeito, consideraranse positivamente aquelas creacións que recollan o testemuño das vítimas e as consecuencias que tivo sobre elas a utilización ilexítima da violencia, ademais do seu sentido construtivo, positivo e crítico.
- Non se aceptarán a concurso as obras que atenten contra os valores do ideario da Fundación Fernando Buesa.

2. ORGANIZACIÓN

- Fundación Fernando Buesa Blanco Fundazioa

3. PARTICIPANTES

- Este concurso vai dirixido a mozos e mozas de entre 16 e 32 anos, inclusive, residentes no Estado español, con inquietudes, coñecemento e/ou experiencia no ámbito audiovisual.
- As obras poden ser presentadas por persoas individuais ou pertencentes a unha facultade audiovisual ou escola de cine.



4. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

- Os participantes poden presentar un número ilimitado de obras de creación propia e inéditas; en branco e negro ou cor; de carácter documental, de ficción ou de animación, referidos á temática precedentemente enunciada na Convocatoria e cunha duración de:
 - Curtametraxe (máximo 10 minutos)
 - Documental (máximo 10 minutos)
- Poderán participar obras orixinalmente realizadas en película cinematográfica, vídeo ou formatos dixitais de vídeo, incluído o teléfono móbil.
- As curtametraxes e documentais poden presentarse en calquera das linguas oficiais do Estado español, tendo que ser subtituladas ao castelán.
- Valoraranse positivamente os traballos que faciliten a accesibilidade das persoas con discapacidade auditiva como a integración de subtítulos nas curtametraxes e documentais.
- Non poderán participar películas ou vídeos patrocinados por empresas comerciais que resulten ser, polo seu contido, vehículos de publicidade das mesmas.

5. INSCRIPCIÓN

- Os materiais terán como data de recepción do 1 de xuño ao 30 de novembro de 2011, ambos inclusive.
- O responsable das obras inscritas comprométese a enviar o seguinte material:
 - o **Ficha de inscrición debidamente cuberta** que terá o carácter de declaración xurada e nela constará que coñece e acepta as presentes BASES E CONDICIÓNES.
 - o **Unha copia da obra en DVD PAL** rotulada co título da obra, nome do/a director/a e duración.
 - o **Dúas fotografías da obra.**
- Os traballos serán enviados por correo certificado ou entregados presencialmente en:

**FUNDACIÓN FERNANDO BUESA
CONCURSO CORTOS DOCUMENTALES
C/ LOS HERRÁN, Nº 46, C, BAJO.
01003 VITORIA-GASTEIZ (ÁLAVA)**

- A ausencia de calquera dato importante na ficha de inscrición, así como a non presentación do DVD, do CD coas fotografías ou da documentación requirida no prazo establecido, poderá supoñer a non admisión da película correspondente.



- Todos os custos de envío do material solicitado correrán por conta da persoa que presenta o filme. O Festival NON asumirá custos de envío de copias para a preselección.
- Non se devolverá ningún dos materiais presentados para a preselección, quedando a disposición do arquivo da Fundación, preservado coidadosamente para consulta e utilización con fins divulgativos.

6. SELECCIÓN E PREMIOS

- Un xurado cualificado composto por membros da Fundación Fernando Buesa, especialistas na temática abordada no Festival, así coma no ámbito da cinematografía, distinguirá, mediante criterios técnicos e humanos, tres obras finalistas que obterán os seguintes premios:

PRIMEIRO PREMIO: 1.500 euros

SEGUNDO PREMIO: 1.000 euros

TERCEIRO PREMIO: 500 euros

- O xurado, cuxo veredicto será inapelable, poderá declarar deserto calquera dos premios do concurso.

7. DIFUSIÓN PÚBLICA

- No acto de entrega de premios, estimado a comezos de 2012, proxectaranse as obras finalistas e gañadoras e celebrarase unha charla-coloquio entre o público asistente e os responsables dos documentais presentados.
- Unha vez finalizado o concurso, a Fundación Fernando Buesa resérvase o dereito a facer uso dos dereitos de explotación das obras seleccionadas, puidendo ser proxectadas en calquera actividade académica e cultural que organice a Fundación, sen que estas debeñan en dereitos pecuniarios para os autores das obras.

A INSCRIPCIÓN NESTE CONCURSO SUPÓN A ACEPTACIÓN DESTAS BASES ASÍ COMA DE CALQUERA CIRCUNSTANCIA NON PREVISTA NELAS POR PARTE DA ORGANIZACIÓN.